

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 9

SESION EXTRAORDINARIA DO 5 DE MAIO DE 2011

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Veloso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO
POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota
Romero Rodríguez, Begoña

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e once minutos do día cinco de maio do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación

legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan R. González Carnero.

A PRESIDENCIA: A PRESIDENCIA: Bos días, señores e señoras concelleiros e concelleiras, iniciamos o Pleno do Concello en sesión extraordinaria, convocado para o día de hoxe ás nove horas por orde do día asinado o 2 de maio con dous puntos da orde do día.

Ábrese sesión pública. Constátase quórum. Procedemos co primeiro punto da orde do día que se corresponde coa intervención perante o Pleno solicitada pola Asociación veciñal Pontenova-Freixeiro en relación coa situación do colexio Altamar.

1.-(99).- INTERVENCIÓN PERANTE O PLENO SOLICITADA POLA AVV PONTENOVA-FREIXEIRO, EN RELACIÓN COA SITUACIÓN DO COLEXIO ALTAMAR. EXP. 191/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 28 abril, expte. 191/1101, a Asociación Veciñal Pontenova-Freixeiro, solicita a intervención perante o Pleno da Corporación para expoñer, en calidade de veciños afectados, a situación do colexio Altamar.

A PRESIDENCIA: Intervirá no nome da Asociación veciñal dona Ana M^a Pérez González durante un tempo máximo de cinco minutos.

SRA. PÉREZ GONZÁLEZ: Bos días, alcalde, concelleiros, membros da Corporación. Estou hoxe aquí en representación da Asociación veciñal Pontenova-Freixeiro por un tema dun colexio, o colexio Altamar, para o que se urxe a súa ampliación xa que vai rematar o curso e o centro segue nas mesmas condicións. É necesario e urxente que se realicen coa maior celeridade as obras de ampliación dun equipamento

educativo fundamental para o noso barrio. Existen informes técnicos municipais que din que o proxecto de reforma na súa localización actual é viable xa que se ampliaría 1.000 m² máis, pasando dos actuais 800 a un total de 1.800 m².

Diante da controversia entre os técnicos da Consellería de Educación que cifran a edificación en 1.700 m², os técnicos municipais sosteñen que son 3.439 m². Un recente estudo planimétrico elaborado polo Concello ven confirmar a tese dos técnicos municipais, de aí que consideremos que o proxecto é viable na súa localización actual.

Queremos manifestar polo tanto a total oposición da veciñanza a que o colexio se traslade á parcela do Museo Liste xa que é a única zona verde para o espaxamento da que dispón o noso barrio e para tal fin entregáronse no Concello 3.600 firmas dos veciños.

Lamentar por último a actitude da Consellería de Educación da Xunta de Galicia que sistematicamente obviou de xeito deliberado á Asociación veciñal do barrio á que nunca convocou a ningunha reunión.

O día 18 de abril mantivemos unha reunión os membros da Asociación veciñal, os veciños e os membros da ANPA do colexio co alcalde e co concelleiro de Urbanismo na que estes últimos se comprometeron a entregarnos un proxecto.

Gracias. Bos días.

SR. LÓPEZ CARREIRA: No nome dos tres grupos que formamos este Pleno, quéroulle dar as grazas á Sra. Pérez González por nos facer partícipes da súa posición no problema que hoxe nos presenta.

Hai quen pensa que para vestir un santo hai que desvestir outro, pero dende logo o BNG, non está de acordo con esta forma de pensar, nin con esta forma de actuar.

A miúdo escoitamos aínda hoxe que Vigo é unha cidade difícil. Eu diría que Vigo foi unha cidade difícil, é máis, poderíase dicir que Vigo foi unha cidade agresiva porque medrou tendo en conta todo menos ás persoas que vivimos nela. Pero hoxe, logo do traballo realizado nos últimos anos, por fin podemos empezar a falar dun Vigo humanizado, dun Vigo pensado para os vigueses e para as viguesas. Esa concepción do Vigo pensado para as persoas pasa, sen ningunha dúbida, non só porque se manteñan as zonas verdes que temos nas cidades, senón que se aumenten.

O BNG mantén que cando xorde un problema a solución non está en o aumentar ou crear outro, a solución débese atopar no diálogo e no acordo das partes afectadas e por iso o BNG coincide con vostedes na necesidade de preservar as zonas verdes da cidade para o uso de todos os vigueses e viguesas.

SR. MARIÑO MENDOZA: Agradecer a intervención da Asociación veciñal e deixar moi claro que dende o primeiro momento se colaborou cos representantes do colexio por veren a tramitación da ampliación do mesmo.

O que deixan moi claro os informes técnicos municipais e ó que nos comprometemos co colexio e cos pais dos alumnos hai escasos días é a que, exactamente igual que con outras situacións, se a Xunta de Galicia non o fai farémolo nós e polo tanto en menos de quince días entregaremos o proxecto que di claramente que si é posible construír o colexio Altamar na parcela actual.

Cando algo non se quere facer non se fai, esa semella ser a vontade da Xunta de Galicia con respecto a todo o que ten que ver con esta cidade e así móstrannos claros exemplos todos os días.

Comparto plenamente as palabras do meu compañeiro de goberno, D. Xesús López, porque nestes momentos nos que por fin se están a recuperar os espazos cidadáns para os cidadáns, que son os que os merecen e teñen dereito a eles, non se pode coller unha zona verde anexa ó propio Museo Liste e convertela a día de hoxe en ladrillo. Cremos que todos os barrios e todas as zonas da cidade teñen dereito a ter os seus espazos de espaxamento e así se está a traballar ó longo de toda a cidade para recuperar o espazo cidadán.

Non imos permitir, este goberno xamais aprobará unha proposta que supoña a supresión dunha zona verde. Pode que os gobernos de dereita o vexan doutro xeito, pero dende logo nós sempre imos estar ó carón dos cidadáns, a favor de que teñan espazos abertos para gozar deles e sobre todo neste caso no que estamos absolutamente convencidos, e os informes o deixan moi claro, que na parcela do colexio actual se pode construír o novo colexio cunha superficie que podería triplicar a superficie actual.

Temos o noso brazo tendido á Xunta de Galicia unha vez máis, aínda que nunca queren recoller a nosa oferta para traballar conxuntamente no desenvolvemento e nas capacidades e necesidades reais do colexio Altamar ó carón do Museo Liste. A

ninguén se lle pode escapar que o colexio Altamar está localizado ó carón dunha grande zona deportiva da cidade e polo tanto, de existiren calquera limitación a nivel de espazo, estamos abertos a calquera tipo de estudo de necesidades. O que si parece claro é que ós técnicos da Xunta de Galicia alguén lles dixo que tiñan que dicir que non e manteñen o non ata o final.

Sempre defenderemos as zonas verdes desta cidade porque coidamos que é do que sempre carecemos e polo tanto, ademais das incentivar e fomentar que existan moitas máis, o que non imos facer é suprimir as actuais zonas verdes.

SRA. LARRIBA LEIRA: Creo que as palabras do Sr. Mariño que acabamos de escoitar poñen de manifesto a falla de interese deste goberno por solucionar o problema do colexio Altamar.

Dixo que hai uns días presentaron un proxecto. Lémbrolle que en maio de 2008 a anterior conselleira socialista de Educación na Xunta de Galicia, dona Laura Sánchez Piñón, prometeu nesta cidade un novo edificio para o colexio Altamar, fíxoo en conferencia de prensa co alcalde, D. Abel Caballero. Daquela os técnicos do departamento de Educación da Xunta aconsellaron construílo noutra parcela porque a actual non reunía condicións. Dende entón só se precisa a cesión de terreos por parte do Concello. Co bipartito na Xunta, Caballero comprometeuse persoalmente cos directivos do centro e coa ANPA a ceder os terreos e manifestou publicamente estar disposto a ceder o espazo contiguo ó Museo Liste. É dicir, a primeira proposta de ocupación do Museo Liste partiu do alcalde desta cidade. Como saben, os terreos do Liste estaban destinados polo Plan aprobado inicialmente polo goberno anterior para equipamento e vostedes, que aprobaron a redacción definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal, non cambiaron esa cualificación destinando os terreos a zona verde como agora semella que están comprometidos, mantivéronos como “equipamentos”.

Tamén nos choca o cambio de actitude da presidenta da Asociación veciñal porque posuímos un documento dela no que, desaconsellando esa parcela para o colexio, sen embargo admite, e vou ler textualmente as súas palabras que “esta parcela podería ser destinada a outros usos necesarios na zona como gardería, centro de día, ou mesmamente o local social para a Asociación veciñal”. Mostro o seu escrito antes de seren nomeada presidenta da Federación veciñal, escrito que lle facilitou á

comunidade educativa do colexio.

Mágoa que vostede, presidenta, non coñeza o informe dos técnicos da Xunta respecto do informe desta proposta que recentemente, como admite o concelleiro de Urbanismo, fixéronlle o colexio. Neste informe da Xunta fálase da inviabilidade técnica e urbanística do Plan, da necesidade da modificación do PXOM para se levar a cabo. Esquecen así mesmo que hai dúas institucións afectadas no plan que vostedes propoñen que son a Consellería de Traballo e Benestar, responsable de parte do edificio, e do IMD. Curiosamente nestes catro anos no IMD non se propuxo o que vostedes están a dicir agora que é ceder parte das instalacións deportivas para os patios que necesariamente e cumprindo a normativa esixe refacer o colexio na parcela actual.

2.-(100).- INTERVENCIÓN PERANTE O PLENO SOLICITADA POR TRABALLADORES DE POVISA PARA FALAR DA SÚA SITUACIÓN. EXP. 194/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 2 de maio, expte. 194/1101, o Comité de Empresa de POVISA solicita a súa intervención perante o Pleno da Corporación en relación coa situación dos traballadores dese centro.

A PRESIDENCIA: Ten a palabra no nome dos traballadores e traballadoras de POVISA dona Fernanda Lozoya Bermúdez.

Benvida, Sra. Lozoya, ten un tempo máximo de cinco minutos.

SRA. LOZOYA BERMÚDEZ: Bos días, alcalde e concelleiros, gracias por nos recibir. Son membro do Comité de Empresa de POVISA e no nome de todos os traballadores esiximos desta Corporación que se impliquen con contundencia todos os partidos que a compoñen. É responsabilidade desta Corporación a situación de desesperación que sufrimos os traballadores de POVISA que é a segunda empresa máis grande de Vigo en número de traballadores. Coidamos a responsabilidade de vostedes polos 70.000 usuarios de Vigo e os 73.000 do Morrazo e do Val Miñor. Neste momento levamos un ano cunha grande situación de incerteza e angustia. A

Xunta debería ter asinado o concerto a finais de decembro de 2010. Coa prórroga o que conseguiron, ademais dos quince despedidos que xa tiñamos, foi tamén un ERE, logo o 28 de febreiro tampouco se cobrou o salario nesa data e a partir de marzo comeza o que foi terrible, en primeiro lugar, imposicións de redución de xornada, cambios de quendas que aumentan xornadas de traballo e polo tanto reducións de descansos, cesamentos de traballadores con contratos Sergas e polo tanto redución do cadro de persoal.

Creemos que todo isto acabará afectando ós usuarios e dámos medo que eles sufran as consecuencias de toda esta situación provocada pola Xunta con esta prórroga.

POVISA realiza servizos públicos dende o ano 1972. Vigo non tiña bomba de cobalto, nin medicina nuclear, nin nada disto. Posteriormente no Instituto Social da Mariña que logo foi SERGAS atendemos a todos os mariñeiros da costa viguesa. Seguimos mantendo estes pacientes. A partir de aí asináronse consecutivos concertos co SERGAS ata o ano 2010.

A Xunta non cumpre con este Comité. Envíanselle cinco escritos solicitando entrevistas coa Sra. Farjas e contesta a xerente, a Sra. Mosquera, dicíndonos que non se reúnen con empresas concertadas privadas. Volvo repetir que somos a segunda empresa de Vigo en número de traballadores e, non nos recibe? Na clínica de Fátima, na inauguración do Auditorio de Vigo, en Valadares..., o Sr. Feijóo e a Sra. Farjas, non se puideron achegar a nós? Só eramos traballadores do Comité de Empresa, non somos ningunha ameaza, só queriamos dialogar e unha reunión.

A Sra. Farjas visita Lugo, A Coruña, Ourense..., Vigo, non e, os traballadores de POVISA quedámoslle lonxe?

Fomos Santiago os traballadores e ó entraren cinco membros de cada sindicato identificáronnos porque non somos persoal do SERGAS. Claro, só atendemos un 80%, non o 100%. Concédennos cinco minutos para nos recibir a secretaria de Servizos Xurídicos e o doutor Facio que tramita o concerto e nos volven entregar outro escrito da xerente dicíndonos que non recibe a empresas concertadas privadas. Novamente o mesmo.

O 28 de abril os traballadores manifestámonos en Vigo. Á Xunta, non lle importou? POVISA recibe da Xunta o 80% do diñeiro para atender ós usuarios que é público, polo tanto o noso traballo é público máis ca privado. O orzamento do concerto é de diñeiro público e polo tanto a Xunta ten que lle dar explicacións a este Comité.

Só somos traballadores. Queremos traballar tranquilos, queremos que os nosos pacientes non sintan a nosa crispación diaria, que non sintan o medo dos traballadores a perder o seu posto de traballo.

O concerto debe recoller o acordo básico de 2006 asinado por sindicatos, empresarios, Universidade e, por suposto, Consellería de Sanidade; protexe os traballos actuais polo número de usuarios que atendemos.

A Xunta necesita a POVISA. Aclaro isto. O Hospital Xeral atende, aproximadamente, 200.000 persoas (repito que son cifras aproximadas), o Meixoeiro 150.000, POVISA 143.000. Sumen vostedes e verán que saen aproximadamente 493.000 usuarios. Nalgún momento escoitei que en certos días a poboación de Vigo chega acadar as 540.000 persoas.

Que a Xunta se decate de que Vigo necesita a POVISA, POVISA o concerto e os traballadores traballar. Polo tanto que isto remate. Acordo do concerto para o mantemento dos postos de traballo, xa.

Os traballadores de POVISA agardamos que esta Corporación non mire cara outro lado e se implique connosco. Moitas grazas.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Grazas ós traballadores de POVISA por estar aquí contándonos a problemática que xa dalgún xeito vimos seguindo polos xornais, seguímola porque precisamente decatámonos de toda ela.

Dende logo o BNG como organización política non mira, nin nunca mirou cara outro lado, é unha organización política nacionalista e de esquerdas e por riba de todo sempre defenderemos a creación de traballo e dende logo o mantemento de postos de traballo.

Sabemos que nestes momentos a situación dos traballadores de POVISA é difícil, que está a ser utilizada, evidentemente, pola Consellería de Sanidade, polo SERGAS, pero tamén pola propia empresa. Estamos en contra da utilización dos propios traballadores e traballadoras para intereses privados que neste caso teñen que ver co SERGAS e coa propia empresa.

Nós defendemos un concerto con POVISA, pero pensamos que non debe ser un concerto singular. Cremos que se deben manter os postos de traballo porque, efectivamente, nestes momentos POVISA é necesaria e probablemente siga a ser necesaria cando teñamos o novo hospital público, novo hospital público que sempre

defendemos, defenderemos e que ademais sempre estivemos en todas as organizacións cívicas e en todas as organizacións que se montaron como Plataforma pola defensa da sanidade pública dende a súa creación para que precisamente o novo hospital sexa o hospital de referencia para esas 540.000 persoas que están nestes momentos en diferentes hospitais como o do Meixoeiro, POVISA ou Hospital Xeral.

Repito, non cremos que POVISA teña que ter un concerto singular, pero evidentemente imos defender os intereses de todos os traballadoras e traballadores porque cremos que teñen o seu posto de traballo, que ese posto de traballo é necesario e que ademais demostraron de abondo que son unha organización eficiente que nestes momentos é necesaria.

Conten co noso apoio porque o van ter a nivel de conservación de postos de traballo.

SR. LÓPEZ FONT: Agradecer en primeiro lugar á presidenta do Comité de empresa de POVISA o seu relatorio.

Para este goberno municipal foi tremenda a nova de que 1.400 familias se poderían quedar sen percibir o salario, tremenda a nova de que 144.000 pacientes desta cidade se poderían quedar sen asistencia sanitaria. Todo pola irresponsabilidade do goberno da Xunta de Galicia, por unha política nefasta que converteu Vigo nun campo de probas en moitas cousas, todas negativas e especialmente no que atinxe á sanidade.

Aquí converteron un hospital público nun hospital privado, converteron o que non era un problema, POVISA, con excelentes profesionais, cunha asistencia sanitaria que se viña e se ven prestando acotío a esta cidade, convertérono nun problema e pretendían dicir que tiñamos problemas entre a sanidade pública e a sanidade privada.

Os socialistas co alcalde de Vigo apostamos pola sanidade pública, seguimos apostando por ela, pero é evidente que hoxe POVISA é necesaria para esta cidade. Hoxe a presidente do Comité de empresa pídenos na súa comparecencia que esta Corporación non mire cara outro lado. Eu garántolle que os socialistas non só non imos mirar cara outro lado, senón que imos estar a favor da sanidade pública, da sanidade necesaria para esta cidade e a favor dos postos de traballo. Son outros os

que falan de cifras de desemprego, ós que lles preocupa moito o emprego, pero en determinadas datas non tiveron problema en poñer en perigo a 1.400 familias. A nós si nos preocupa.

O lamentable de todo isto é que posiblemente se POVISA non estivese nesta cidade e si noutra cidade de Galicia o problema non se daría.

Nós apostamos polo emprego. Vannos seguir tendo ó seu favor en toda canta mobilización e en todo canto pronunciamento político haxa que facer.

Solicitamos e esiximos aquí coa forza política que nos dá a este grupo gobernar esta cidade que haxa unha xestión do convenio, que haxa un convenio estable con POVISA porque posible e seguramente cando haxa un hospital público nesta cidade tamén se necesite a POVISA. Pero aínda que nesta cidade haxa un hospital público nós nunca deixaremos abandonados ós 1.400 traballadores de POVISA. Poden ter esa seguridade.

Este é o noso compromiso. Outros a ver que din porque polos seus feitos e pola campaña que teñen contra a cidade a moitos se lles coñece.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Agradecemos a presenza da voceira do Comité de empresa de POVISA.

Dende o Grupo municipal do Partido Popular queremos manifestar dúas ideas respecto de POVISA, coido que son dous obxectivos: garantir a estabilidade laboral dos traballadores e garantir a asistencia sanitaria de POVISA, iso se consegue a través dun concerto singular que é a opción máis correcta para POVISA.

Defendemos o acordo do ano 2006 asinado pola Xunta, sindicatos e as empresas que afirma que o concerto con POVISA debe garantir a actividade de calidade necesaria para manter o emprego actual de todas as especialidades e servizos na súa configuración como hospital xeral de atención integral. La eliminación deste concerto singular si suporía a redución drástica de emprego en POVISA, por iso defendemos o concerto singular que é tamén defender o emprego en POVISA.

Pero hai que ter en conta que nin o PSOE nin o Bloque defenden ese concerto singular, nunca o defenderon. Para o PSOE e o Bloque POVISA é a besta negra da sanidade en Vigo, é o inimigo a bater. Reiteradamente manifestárono.

Sr. López Font, Cerviño González que coido que é socialista di no Parlamento de Galicia, segundo as actas do Diario de sesións do Parlamento de Galicia: "O modelo

de POVISA non nos gusta. Ese modelo non nos gusta e dígolle que se chegamos ó goberno tentaremos cambialo de seren posible”. Polo tanto non lles gusta o modelo de POVISA e afirman que o queren eliminar. Quen foi director xeral de Asistencia Sanitaria do SERGAS co goberno bipartito dicía en “Cuadernos de Atención Primaria” en canto ós retos do novo goberno no sector sanitario (o reto do goberno bipartito): “En Vigo é preciso crear un complexo hospitalario único e rescindir o convenio singular vixente con POVISA”. Os socialistas e o Bloque sempre defenderon a eliminación do concerto, e eliminar o concerto é eliminar os postos de traballo en POVISA. Pero o seguen a dicir agora. No mes de febreiro de 2010 no Parlamento logo de defender o acordo singular e poboación adscrita para o centro de POVISA o Bloque ataca o acordo do ano 2006, di que non o hai que respectar. Aquí din que o hai que respectar, alí din que non. Así mesmo o Sr. Pose Mesura que coido que é un deputado socialista, voceiro de sanidade e ademais un cargo na provincial do Partido Socialista, defende tamén que hai que eliminar o acordo do ano 2006, dicía que todas as persoas teñen que entrar polo hospital público e eliminar poboación adscrita para POVISA. Están defendendo unha cousa en Vigo e outra en Santiago. O 15 de xuño de 2009 seguen a defender que hai que eliminar e tratar a POVISA como a calquera outro hospital privado sen concerto singular. É máis, hai dous días no Parlamento de Galicia o Bloque dixo: “Se queren aforrar en sanidade eliminen o concerto con POVISA”. Dixeron iso hai dous días no Parlamento de Galicia.

Defendemos o concerto singular, defendemos a estabilidade nos postos de traballo e defendemos a atención sanitaria en POVISA. Esa é a postura do noso grupo municipal aquí e en Santiago. Non prometemos unha cousa aquí e outra en Santiago.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e trinta e oito minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.